



**Expediente nº:** CIPX/2017/1

**Asunto:** COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL 1 2017

**Día e Hora da Reunión:** 27 de setembro de 2017, 13:30 horas

**Lugar de Celebración:** Multiusos da Xunqueira

**Asistentes:** M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva (presidenta), Arturo González Barbeiro (asiste ás 14:00 horas), Leonardo Cabaleiro Couñago, Noé Cano Correa, Enrique Fojo Durán, equipo redactor: Jornet Llop Pastor, María Ríos Carballeira e Gabriel Jubete Andreu.

Asiste a concelleira Ana Isabel Rey Gómez (con voz pero sen voto artigo 49 do ROC).

**Ausente:** Xoán Carlos González Campo

**Orde do Día:** 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.  
2.- INFORMACIÓN TRABALLOS REALIZADOS POLO EQUIPO REDACTOR DO PXOM.

[ACTA DA XUNTANZA CELEBRADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL](#)

**INCIDENCIAS:**

O concelleiro González Barbeiro comparece ás 14:00 horas, unha vez comenzada a sesión, na exposición do equipo redactor dos traballos.

---

Na casa do concello de Redondela, previa convocatoria, reuníronse no Multiusos da Xunqueira, os/as devanditos/as concelleiros/as baixo a presidencia M<sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva, asistidos de min, a Secretaria da comisión, coa finalidade de celebrar a xuntanza convocada para o día de hoxe.

Pola presidencia declarouse aberta a xuntanza sendo as 13:30 horas, pasándose a tratar o seguinte punto da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta do borrador da acta da sesión número 3 /2016 do 26/09/2016.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbbase nos seus propios termos de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, por unanimidade dos membros presentes.

2.- INFORMACIÓN TRABALLOS REALIZADOS POLO EQUIPO REDACTOR DO PXOM.

A presidenta da comisión presenta ao equipo redactor aos membros da comisión, e os asuntos que exporán respecto aos traballos realizados. Comenta o escrito que presentou o equipo redactor no mes de agosto polo que expoñen o problema informático que tiveron pola que perderon a información e solicitan ampliación de prazo para presentar a documentación. Di que van ter un plan de traballo para obter consenso. Haberá unha primeira presentación e reunión de traballo o martes 31 de

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



octubro, que afecta á parroquia de Chapela e viario. Coa finalidade de ter un documento de base e de futuro en Redondela para ter un plan palpable e real. Deseguido da paso á exposición dos traballos ao equipo redactor.

Jornet Llop Pastor pide desculpas pola non presentación da documentación porque perderon a información por fallo informático, perdendo as copias de seguridade. Fala dos antecedentes da elaboración do PXOM, coa presentación no 2015 do primeiro borrador, logo o cambio legislativo importante o que deu lugar á modificación do contrato. Di que van intentar poñer un ritmo de traballo co concello que lles permita acadar o fin. Van cambiar a metodoloxía e traballar co goberno coas reunións que fagan falta. Intentan que os PXOMs se aproben por unanimidade, porque entenden que o consenso é necesario. Di que van explicar o que fixeron ata hoxe, a documentación colgada e traballos que se foron realizando así como o que van facer.

María Ríos Caballeira fala dos traballos realizados, abriuse o proceso de participación no ano 2015, presentación en outubro, con acompañamentos no rural en decembro de ese ano, con presentacións didácticas, e logo un traballo máis cercano coas asociacións. Tamén fixeron obradoiros: de carácter prospectivo e outros de futuro e proposta. Fíxeron catro grupos. E fixéronse tamén temáticos. Explica as conclusións ás que chegaron, asinando voos aéreos das parroquias. Evolución dos núcleos dende o voo 1956, 1985, 2004 e o 2014.

Jornet Llop Pastor explica os documentos que están colgados. Traballan con tres escenarios: o existente, traballos con pequenos cambios e cambios máis importantes. Di que presentaron unha base cartográfica nova. A documentación que entregaron, é o escenario 2 e unha serie de cartografías que amosa. Ensina o exemplo de Trasmañó, comparativa normativa do ano 1988 e o que se pretende con PXOM, coa clasificación dos solos. Este traballo é o que teñen que facer, están recuperando a información perdida. Estan plantexando unha posibilidade de mellora de infraestrutura vial na parroquia de Chapela.

Vista a documentación amosada, o concelleiro Cabaleiro Couñago di que se ten que facer un plan máis ambicioso, ansía un plan de futuro, sacando tráfico das cidades dos cascos urbanos, o que están amosando, considera que non sexa algo que solucione o futuro. O PSdG-PSOE pediu reunión co equipo redactor no mes de maio. Lles critica que nos obradoiros non houbo moita participación, houbo reunións do equipo redactor co equipo de goberno e non convidaron á oposición. Pregunta se a información amosada abrirase á cidadanía. Cre que no se deben facer reunións con particulares.

A concelleira Amoedo Dasilva responde que van manter xuntanzas permanentes a partir do 31 de outubro. Vai a ver transparencia, vaise falar se terán en conta os convenios urbanísticos no seu día existentes. Van ter información e participación.

A concelleira Rey Gómez pregunta se os promotores cos que se reuniron foron só cos que tiveron asinados convenios ou con máis empresarios, e se lles deron a información da perda de información polo equipo redactor por erro informático.

Jornet Llop Pastor resposta que no día a día hai consultas co concello, que non supoñen acordos ou conevios. A información que amosaron hoxe sobre a que teñen acceso é material sensible, porque non son planos acabados, material con nivel de detalle con consenso da comisión, é accesible para a comisión pero non para o resto da poboación. Lles solicita certa cautela.



E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia levantouse a xuntanza sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, de todo o que se estende a presente acta, do que, como Secretaria, dou fé.

Documento asinado electronicamente á marxe.